



**TABAGÓN**

Antes de agora dividiábase comunmente a presente parroquia en dúas aldeas, que a unha chamaban de Sn. Miguel, e á outra de Tabagón; a primeira é puntualmente todo o terreo que hoxe ocupa a da que estamos a falar, e a segunda, que era porción máis pequena, foi a que ultimamente se desmembrou de Sn. Miguel, e se erixiu en parroquia en todo independente dela co título e nome de Sn. Xoán de Tabagón. A que tratamos venera por Patrón a S. Miguel Arcanxo, a quen lle celebran a festa no día da súa Dedicación, 29 de Setembro. Habitana 198 veciños, que corresponden polo contencioso político e gubernativo á Xustiza da Vila da Guarda. Válen os seus décimos 26.220 reais, dos que levanta o Párroco a metade, e a outra metade levabaa antes o Beneficiado sen cura que aquí había, ata que se fixo a desmembración de curatos apuntada arriba; daquela aplicouse esta metade de froitos ao novo Párroco de S. Xoán de Tabagón, e suprimiuse a sen cura. O Abade de San Miguel ten casa reitoral, igrexario e diestros de 30 ferrados de pan en semente; ademais percibe de renda anual 84 ferrados de millo, 2 galiñas, 4 polos, 2 lampreas e 1 sábalo. Paga á Mitra de Tui 30 ferrados de trigo, e antigamente pagaba 10 bucidos de dito froito. A fábrica da igrexa cobra 23.½ ferrados de centeo e outro tanto de miúdo. Contribuía antes á dita Mitra coa terceira parte dun Xantar, 1 libra de cera, 66 marabedís vellós e 7 diñeiros, e hoxe fáino só de 15 reais. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Atópase aquí a Ponte de Tamuxe, chamado xa así no ano de 1293, segundo escritura do Mosteiro de Oia. Confina co Miño. Dista de Tui 3 leguas e media." (Ávila y La Cueva, 517-518).







## Igrexa parroquial

A súa orixe máis probable é anterior a posesión dela polos monxes cistercienses do Mosteiro de Oia, que a atendían no século XVI.

Sufriu moitas reformas ata chegar ao seu estado actual. A máis importante na súa configuración é a do ano 1740 na que se lle fixo a fachada oeste e a torre tal como hoxe as conservamos. Esta obra foi realizada por Santiago de Pazos.

A súa planta é rectangular, coa capela maior máis estreita. No lado norte da fachada principal ten a torre e no mesmo lado da capela maior, a sancristía.

O tellado é a dúas augas. E os paramentos norte e sur presentan cinco contrafortes cada un en apoio do tellado. Algúns deles foron modificados con cemento na súa parte superior para cubrilos coa tella.

A **fachada principal** (339) móstrase entre dúas pilastras extremas con dous corpos separados por unha cornixa lineal que continúa na torre e lateralmente sobre a que descansa o tellado.

No primeiro corpo, no seu eixe central está a porta principal, acodada nos extremos superiores. Enriba dela nun frontis triangular atópase a fornela de arco de medio punto e con venera coa **imaxe de S. Miguel** (341) en pedra.

Aos lados da porta hai dúas fiestras rectangulares de dobre derrame e sen ningún adorno, para dar luz na nave.

Por riba da cornixa, un gran ventanal enmarcado por moldura e cuberto cunha pequena pestana. A fachada remata cunha cornixa voada con pináculos de bola extremos e cruz pétrea central.

A pilastra do norte da fachada é a mesma da torre, que se apilastra nas catro esquinas. A súa base é cadrada e está partida pola cornixa que ven da fachada. Unha balaustrada voada, de pedra, dá paso ao corpo de campás de catro ocos con arco de medio punto. Este cêrrase con outra balaustrada similar que separa un corpo cúbico no que está a esfera do reloxo no lado oeste aproveitando os medallóns que o adornaban.

Remátase a torre cunha cúpula de pedra apuntada, sobre unha cornixa con pináculos de bola nos extremos, e outra cruz pétrea similar á do centro da fachada.

No **interior** (342) presenta arcos de medio punto en pedra correspondentes cos contrafortes de sustentación da nave e un zócalo, tamén en pedra, moi posterior. O teito é de uralita, con un adorno en cuarteiróns de madeira, e apoiado sobre a cornixa que percorre todo o paramento.





As paredes están pintadas, deixando en pedra as pilastras e os recercados das ventás da nave, acodadas e de derrame interno.

O arco de separación da capela maior é apuntado.

O retablo cobre todo o paramento leste. Presenta un sotobanco que foi modificado ao retirar o altar, e adaptouse para colocar o Sagrario na parte central, dentro dun pequeno baldaquino coroado por un Crucificado.

A predela é ampla e adórnase con pequenas medias columnas e arquiños lobulados, e no centro das laterais unhas peñas.

Catro grandes columnas dividen o corpo en tres rúas. As extremas apoian o arco de medio punto que cerra o retablo, e as interiores suxeitan a cúpula da fornela central que se vai escalonando ata rematar no arco de cerre. Nela, sobre a peaña, a **imaxe do Patrón (343)**.

Nas rúas laterais, dúas pequenas columnas sosteñen o arco trilobulado da fornela, ocupadas polo Sagrado Corazón de Xesús e o Inmaculado Corazón de María. Rematan ambas rúas en cupulín.



O arco de cerre presenta o significado do nome de Miguel: “QUIEN COMO DIOS”, separado por cruces.

Foi construído no ano 1890.

Nos ángulos que forma a nave coa capela maior hai dous retablos xemelgos, moi sinxelos e con elementos barrocos.

Presídenos as imaxes da Virxe de Fátima e a Virxe do Carme, aínda que neste último no espello do frontal do altar teña os símbolos do mártir S. Sebastián, imaxe que ocupa a fornela do ático.

O **retablo da Virxe de Fátima (344)** presenta unha ampla predela quebrada para dar profundidade á fornela. Esta enmárcase por dous estípite que sosteñen o entablamento tamén quebrado.

O adorno é de cintas, follas, algunhas flores e veneras.

A fornela central ten arco de medio punto e interiormente divídese en cinco casetóns.

No ático, unha fornela plana ten a imaxe de Xoán Bautista. Remátase con adorno de follaxe.

Ao ser dunha soa rúa, aprovéitase o entablamento da predela nos machóns extremos para colocar a plomo as imaxes de **Sto. Amaro (346)** e Sto. Antón.

O **retablo da Virxe do Carme (347)** é semellante, coa diferenza de ter centro da predela a táboa de Ánimas, que probablemente pertenceu a outro retablo da mesma igrexa xa desaparecido.

Tamén neste colocaron imaxes que non corresponden no entablamento da predela: S. Bieito e Sta. Tegra?.

Enriba da mesa deste altar hai unha boa imaxe de **S. Brais (345)**.

Tanto estas imaxes citadas de S. Brais, Sto. Amaro, S. Bieito ou a **de S. Miguel (348)**, que está na sancristía, fannos pensar na existencia doutros retablos barrocos que as acolleran, como sucedía en todas as igrexas da Diocese que dependeron dos frades de Sta. María de Oia.

Tamén os dous relevos dentro dunha venera, que están colocados nas pilastras máis próximas á capela maior e que representan o martirio de Sta. Lucía e o Bautismo de Xesús, son dúas pezas que axudan a considerar esta hipótese.

De feito, no Libro de Fábrica consta a entrega de 580 reais ao escultor Xoán Antonio González por realizar os retablos de S. Xoán e Sta. Lucía no ano 1714, e tamén polas





347



348



349

imaxes de Sto. Amaro e S. Miguel para as procesións. Estes retablos foron pintados e dourados nese mesmo ano por Xosé de Montemaior e Antonio Rolán de Santa Cruz.

Desta imaxinería barroca é tamén un **esmoleiro de Ánimas** (349) para pedir na igrexa, que presenta o prato e no centro del unha representación das lapas do purgatorio coas ánimas.

É moi fermosa a Cruz parroquial do século XVIII, en prata sobredourada.

No reverso da cruz presenta un releve coa imaxe de **S. Miguel loitando co dragón** (340).

A **macolla** (350) e de dobre corpo. No inferior presenta os catro evanxelistas e no superior os **Pais da igrexa de occidente** (351).

A casa reitoral foi unha doazón de Dona Elia Álvarez Otero, que fixo en escritura privada con data de 15 de abril de 1958 e presentada o 8 de maio do mesmo ano.

## Capela de San Gregorio

No barrio de Pías.



Pertenceu ao Mosteiro de Oia como se recolle nun documento de Beneficios do ano 1754, aínda que xa hai referencias dela na visita que fixo a esta parroquia o Bispo Diego de Avellaneda no ano 1528, que di que non ten propietario algún.

Cando o Mosteiro de Oia se extinguiu pasou a propiedade da Diocese, quen no arreglo parroquial do Arcipectado da Guarda do ano 1854, agregouna a esta de S. Miguel.

Debido ao estado ruinoso en que se atopaba, foi restaurada no ano 1.925 por suscripción popular promovida polo párroco D. Xosé Pedreira Sobrino. Foi unha obra de consolidación e reforma dándolle máis altura. Tamén se cambiou o antigo retablo barroco polo que presenta na actualidade.

Ao ano seguinte colocouse a pequena campá que ten na actualidade na espadana.

No ano 1994 realízanse novas obras para a súa ampliación e mellora segundo proxecto realizado por María A. Leboreiro.

#### FESTAS E ROMAXES DE S. MIGUEL DE TABAGÓN

- S. Gregorio (352): 12 de Marzo e domingo máis próximo, na capela.
- San Miguel (353) 29 de Setembro.





353